

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO “A CALIDADE DO MEDIO MARIÑO LITORAL E O SEU EFECTO SOBRE O MARISQUEO. CALIMAR”.

En Santiago de Compostela, 19 de maio de 2025.

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Alfonso Villares Bermúdez, conselleiro do Mar, nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG n.º 73 do 14 de abril de 2024), actuando en nome e representación da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa presidencia.

Doutra parte, D. Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 56, de 22 de marzo de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar a presente addenda, e na súa virtude

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que con data do 7 de outubro de 2024, as partes arriba referenciadas asinaron un convenio de colaboración que ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Universidade de Santiago de Compostela, co fin de descubrir se a contaminación química e/ou microbiana pode estar implicada na caída da produción de moluscos bivalvos no litoral. Para iso, desenvolverase un mapa espazo-temporal dos contaminantes químicos e axentes microbianos de risco coñecidos, así como doutros axentes emerxentes de potencial risco, sobre as poboacións marisqueiras, determinándose pode existir asociación entre a súa presenza e as caídas de produción en dúas rías e un total de cinco confrarías, preseleccionadas pola súa proximidade ou non a puntos de potencial risco.

SEGUNDA.- Que conforme a cláusula quinta do dito convenio estipuláronse as bases do seu réxime económico, establecendose o 20 de novembro como data límite para a presentación á Consellería do Mar da xustificación do gasto realizado nas anualidades 2024 e 2025 e o 31 agosto na anualidade de 2026.

TERCERA.-Que vista a tramitación da execución dos gastos derivados do convenio nas anualidades 2025 e 2026, resulta necesario determinar os gastos atendibles en ditas anualidades así como ampliar na anualidade 2025 o prazo de presentación da xustificación do gasto realizado, do 20 de novembro ao 30 de novembro, polo que se considera preciso formalizar unha addenda a dito convenio e con tal finalidade acordan a sinatura da presente addenda ao referido convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Modifícase a cláusula quinta do convenio nos termos seguintes:

Para a anualidade de 2025, serán atendibles os gastos realizados entre o 21 de novembro de 2024 ao 30 de novembro de 2025 e para anualidade 2026 os gastos realizados entre o 1 de decembro de 2025 ao 31 de agosto de 2026.

Na anualidade 2025, o prazo de presentación da xustificación do gasto realizado, ampliase do 20 de novembro ao 30 de novembro.

SEGUNDA.- Permanecerán vixentes as demais condicións do convenio inicialmente asinado.

E en proba de conformidade co exposto, asinan esta addenda en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Pola Consellería do Mar

Alfonso Villares Bermúdez

Conselleiro do Mar

Pola Universidade de Santiago de
Compostela

María del Pilar Bermejo Barrera

Vicerreitora de Política Científica da
Universidade de Santiago de Compostela

P.D. R.R. de 26/09/2023, DOG 05/10/2023